

**ORZAMENTO 2016**

**MEMORIA DA ALCALDÍA**

## MEMORIA DE ALCALDÍA. ORZAMENTO 2016.

O goberno do Concello de Sada ten elaborado o proxecto de orzamento xeral para o exercizo 2016. En cumprimento das previsións establecidas no artigo do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais redáctase a presente memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co pasado.

O orzamento preséntase en equilibrio, ascendendo o importe dos ingreso e gastos a 11.394.500,00 €.

No relativo aos ingresos preséntase no seguinte cadro a variación dos mesmos:

INGRESOS PRESUPUESTARIOS	Presupuesto 2015	Presupuesto 2016	Variación	
			Absoluta	Relativa
1. Impuestos directos	3.925.000,00 €	3.945.000,00 €	20.000,00 €	0,51%
2. Impuestos indirectos	100.000,00 €	75.000,00 €	-25.000,00 €	-25,00%
3. Tasas otros ingresos	3.098.872,70 €	3.309.000,00 €	210.127,30 €	6,78%
4. Transf. corrientes	3.587.487,03 €	3.798.600,00 €	211.112,97 €	5,88%
5. Ingresos patrimoniales	306.142,00 €	211.500,00 €	-94.642,00 €	-30,91%
<b>TOTAL INGRESO CORRIENTE</b>	<b>11.017.501,73 €</b>	<b>11.339.100,00 €</b>	<b>321.598,27 €</b>	<b>2,92%</b>
6. Enajen.inversiones reales	0,00 €	40.400,00 €	40.400,00 €	0,00%
7. Transf. de capital	254.326,59 €	- €	-254.326,59 €	-100,00%
<b>TOTAL INGRESO CAPITAL</b>	<b>254.326,59 €</b>	<b>40.400,00 €</b>	<b>-213.926,59 €</b>	<b>-84,11%</b>
<b>TOTAL INGRESOS NO FINANCIEROS</b>	<b>11.271.828,32 €</b>	<b>11.379.500,00 €</b>	<b>107.671,68 €</b>	<b>0,96%</b>
8. Activos financeiros	15.000,00 €	15.000,00 €	0,00 €	0,00%
9. Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00%
<b>TOTAL INGRESOS FINANCIEROS</b>	<b>15.000,00 €</b>	<b>15.000,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>11.286.828,32 €</b>	<b>11.394.500,00 €</b>	<b>107.671,68 €</b>	<b>0,95%</b>

As principais variación explícanse:

1. Con carácter previo é necesario destacar que os importes de 2015 correspóndense coa prórrago do orzamento de 2013.
2. Impostos directos: Este epígrafe mantense practicamente igual. Cabe sinalar que no presente exercizo finaliza a aplicación do tipo mínimo do IBI fixado polo R.D: Lei 20/2011, pasando este do 0,60 % ao 0,50 %. Non obstante a baixa non se prevé unha diminución sensible na recadación do IBI polos novos ingresos derivados das altas realizadas pola inspección catastral incluíndo os atrasos non prescritos e pequenos incrementos nas previsións de plusvalías e IAE.
3. Impostos indirectos: Prevese unha diminución do 25 % sobre o importe orzamentado en 2013. Isto é debido a que nos últimos exercizos a resolución de casos xudiciais pendentes provocou que as devolución do imposto minoraran a súa execución. Existindo casos aínda pendentes de resolución e a pesar de contar cun repunte no outorgamento de licencias, en aplicación do principio de prudencia recórtase a previsión.
4. Taxas e outros ingresos: Este epígrafe orzáméntase en función das previsións de participantes nas actividades e servizos municipais suxeitos a taxa ou prezo público. O incremento previsto do 6,78 % responde fundamentalmente a suba nas previsión para a taxa de saneamento, abastecemento e escola infantil. Estes tres tributos non supoñen recurso municipal, xa que os cobra o concesionario como parte da súa retribución, pero sí experimentan un crecemento respecta ao orzamentado no 2013 por mor as veces de cambios nas tarifas durante estes anos ou polo propio crecemento vexetativo dos servizos. Compre tamén destacar o incremento na taxa de axuda no fogar, esta suba é debida as

modificacións nas ordenanzas que dende o 2013 foron aprobadas.

5. Transferencia correntes: Este capítulo experimenta unha suba do 5,88 % . A participación nos tributos estatais mellorou case un 4 % en relación ao exercizo 2013. As subvencións autonómicas experimentaron unha forte suba dende o 2013 debido fundamentalmente ao incremento nas achegas para a dependencia. Finalmente as aportacións provinciais tamén se prevé un forte incremento do 22 % motivado fundamentalmente pola inclusión da achega para o mantemento dos servizos sociais.
6. Enaxenación de investimentos reais: Neste capítulo recóllese a expropiación de terreos para a execución da Vía Ártabra xa recadados pendentes de aplicar a orzamento.

No relativo ao orzamento de gasto preséntanse nos seguintes cadros as principais variacións dende o punto de vista económico e funcional.

GASTOS PRESUPUESTARIOS	Presupuesto 2015	Presupuesto 2016	Variación	
			Absoluta	Relativa
1. Gastos de personal	3.403.162,15 €	3.604.173,00 €	201.010,85 €	5,91%
2. Gastos en bienes corrientes y servicios	6.604.288,88 €	6.813.266,00 €	208.977,12 €	3,16%
3. Gastos financieros	13.213,48 €	300,00 €	-12.913,48 €	-97,73%
4. Transfer. Corrientes	364.708,41 €	520.160,00 €	155.451,59 €	42,62%
5. Fondo de Contingencia		0,00 €	0,00 €	0,00%
<b>TOTAL GASTO CORRIENTE</b>	<b>10.385.372,92 €</b>	<b>10.937.899,00 €</b>	<b>552.526,08 €</b>	<b>5,32%</b>
6. Inversiones reales	0,00 €	441.601,00 €	441.601,00 €	0,00%
7. Transfer. de capital	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00%
<b>TOTAL GASTO CAPITAL</b>	<b>0,00 €</b>	<b>441.601,00 €</b>	<b>441.601,00 €</b>	<b>0,00%</b>
<b>TOTAL GASTOS NO FINANCIEROS</b>	<b>10.385.372,92 €</b>	<b>11.379.500,00 €</b>	<b>994.127,08 €</b>	<b>9,57%</b>
8. Activos financieros	15.000,00 €	15.000,00 €	0,00 €	0,00%
9. Pasivos financieros	160.735,27 €	0,00 €	-160.735,27 €	-100,00%
<b>TOTAL GASTOS FINANCIEROS</b>	<b>175.735,27 €</b>	<b>15.000,00 €</b>	<b>-160.735,27 €</b>	<b>-91,46%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>10.561.108,19 €</b>	<b>11.394.500,00 €</b>	<b>833.391,81 €</b>	<b>7,89%</b>

Area gasto	2015	2016	Variación	Variación	Investimentos 2013
0. Débeda pública	173.948,75	300,00	-173.648,75	-99,83%	0,00
1. Servizos públicos básicos	5.100.502,10	5.324.961,58	224.459,48	4,40%	218.565,97
2. Protección social	732.157,91	1.180.754,90	448.596,99	61,27%	0,00
3. Bens públicos preferentes	1.933.663,68	2.284.974,14	351.310,46	18,17%	13.389,63
4. Actuacións de carácter económico	342.732,85	0,00	165.261,25	48,22%	274.246,03
9. Actuacións de carácter xeral	2.278.102,90	2.095.515,28	-182.587,62	-8,01%	195.000,00
	10.561.108,19	11.394.500,00	833.391,81	7,89%	701.201,63

1. Do mesmo xeito que para os ingresos compre suliñar que os importes do 2015 son os da prórroga do exercizo 2013; non se incluen os investimentos previstos nese exercizo e que non foron obxecto de prórroga. Aos efectos de que a información teña máis valor comparativo na taboa anterior especificanse o importe por áreas dos ditos investimentos. EN calquera caso a explicacións das variacións faise tomando como referencia o exercizo 2015.
2. Débeda pública: A amortización dos préstamos que se mantíñan coas entidades financeiras levada a cabo no exercizo 2015 provoca que os créditos orzamentarios por este importe desaparezan.
3. Servizos públicos básicos. (Policía, SEM, Urbanismo, Auga, Saneamento, Cemiterio, Alumeado, Medio Ambiente) O incremento con respecto ao exercizo precedente explícase:
  - a) Incremento de retribucións LPXE 2016
  - b) Postos de segunda actividade na Policía Local
  - c) Redución de gastos en técnicos urbanísticos
  - d) Incremento en mantementos de vías urbanas
  - e) Redución, en base ao executado en anos precedentes, das previsións de reparación de instalacións de saneamento
  - f) Incremento dos gasto destinado a medioambiente
4. Protección social(Servizos Sociais, Xuventude, Emprego)
  - a) Inclusión de xuventude na área de protección social
  - b) Incremento nas previsións de dependencia.
  - c) Incremento nas previsións de emerxencia social
  - d) Incremento nas previsións para actividades de servizos sociais
  - e) Achega municipal para o financiamento do Centro de Día
  - f) Incremento nas previsións para actividades de fomento do emprego
5. Bens públicos de carácter preferente (Sanidade, Educación, Cultura, Deporte)
  - a) Programa de promoción sanitaria (vacinas)
  - b) Achega municipal para o financiamento da Escola infantil de Mondego
  - c) Investimentos en instalacións educativas
  - d) Incremento en actividades deportivas
  - e) Redución en base ao executado en anos precedentes de mantemento de investimentos deportivos
  - f) Incremento investimentos deportivos
6. Actuacións de carácter económico (Industria, Comercio, Turismo, Transporte, Camións)
  - a) Investimentos en polígonos industriais
  - b) Posta en marcha do Sadabus
  - c) Investimentos en camiños municipais
7. Actuacións de carácter xeral (Órganos de goberno, administración xeral)
  - a) Redución dos gastos dos órganos de goberno

Compre destacar que as previsións relativas a persoal realízanse en base a proposta de modificación de RPT que se presenta á consideración do Pleno e que prevé unha nova valoración do posto de arquitecto, a creación de dous postos de segunda actividade e a amortización do posto de Coordinador.

Finalmente suliñar que o presente orzamento cumpre cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e nivel de endebedamento. O estado de gastos supera lixeiramente o límite da regra de gasto. A este respecto suliñar que será na liquidación orzamentaria cando en aplicación da Lei Orgánica 2/2012 deba verificarse o seu cumprimento, polo que a execución orzamentaria terá en conta esta circunstancia.

Sada, 20 de xaneiro de 2016.

O alcalde

  
Oscar Benito Portela Fernández